

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 30 de xullo de 2024 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo e na Sala Manolo Ramos, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 20 de xuño de 2024.
- * Aprobación da proposta de modificación parcial da Relación de Postos de Trballo do Persoal Funcionario de Administración e Servizos.
- * Aprobación de prazas de Profesorado Titular de Universidade correspondentes ao 10% reservado a áreas estratéxicas consideradas pola Reitoría.
- * Aprobación da selección da área de coñecemento para participar na convocatoria dunha praza de Profesorado Titular de Universidade con actividade asistencial vinculada, e da creación da praza correspondente.
- * Aprobación da proposta de creación do Instituto de investigación Lingua.
- * Aprobación das bases do programa de retención de talento investigador da Universidade de Vigo para o 2024.
- * Aprobación da participación da UVIGO na Spin-Off GAL4TIC.
- * Aprobación do Regulamento da Área de Benestar, Saúde e Deporte.
- * Aprobación do Plan estratéxico do Campus Auga.
- * Aprobación da autorización para a formalización dun convenio entre a Escola Universitaria de Maxisterio “María Sedes Sapientiae” e a Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación para a avaliación do persoal docente e investigador contratado do dito centro adscrito.
- * Foron nomeados os seguintes membros das comisións delegadas do Consello de Goberno:
 - Comisión de Organización Académica e Profesorado
 - Sector PDI:
 - Susana Álvarez González
 - Emma Torres Romay
 - Sector estudantes: Juan Santos Grandal
 - Comisión de Investigación e Transferencia:
 - Sector estudantes:
 - Jaime González González
 - Estela Rodríguez Pousa
 - Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes:
 - Sector estudantes: Estela Lima González.
 - Comisión de Planificación e Asuntos Económicos:
 - Sector estudantes: Iago Meis Solla
- * Foi nomeada representante no Consello Social, polo sector estudantes : Estela Lima González

- * Foi nomeada representante no Comité de Dirección da EIDO, polo sector estudantes no ámbito Artes-Humanidades: Xulia Sánchez Rodríguez

A secretaria xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.